

I Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto

Pregón de Miguel Abreira

Píddolles que escoiten este conto. A historia é como segue.

Cando casou, meu pai quería un pícaro. Así —decía el—, tería un afiador ou un de malle que lle axudara na forxa e continuara a raza, de moita antigüedad. E miña mai, que ademais de guapa era santa ata pra iso, regaloulle dous dunha soa tacada. Despois, cando ningún botaba xa en falta regalos e considerábanse pagados pola vida, cheguei eu. Pero pra entón, padre non debía querer máis axuda e, a diferenza dos meus irmaos, xa nunca quixeron quitarme de ir á escola, que daquela era pouca e máis ben de inverno. Naquela casa, como na maioría —pois eramos todos ferreiros—, non había máis que traballos, así que a cousa estaba coidada ao detalle, e alí non folgaba nin o gato. O trasego empezaba sendo aínda noite, cando o Cachapelo, inquedo e valente, gustaba de espertar á parroquia castigando a incre a martelazos, o que servía, de paso, pra meter a cada home na súa forxa. Na nosa, como en todas, había dous regazales. No primeiro, espalmado, poñíanse sempre meu pai e meu irmao máis novo, que facíalle de malle. E no segundo, cravuñando e afogando fouciños en auga, o máis vello, que defendía que o seu era de moita ciencia. A min, facíanme sentar sempre con éste, alegando que os outros traballaban co carbón que viña da Veiga, que era de pedra, cousa mala e afumaba máis, e que con catro bronquios mouros e renegridos na familia era dabondo. Eu nunca entendía moi ben aquilo, porque a forxa nin cheminea tiña e, ao final, fume e cisco enchían todo por igual; pero, resignado, collía un tallo e sentábame calado contra a parede, de fronte a eles, embebendo os ollos naquel espectáculo, naquel áxil e rápido xogo de maos de meu pai, chas na esquerda e martelo na dereita, marcando a golpes —sen abrir a boca—, o ritmo, a forza e o punto exacto do ferro no que quería que meu irmao caese inmediatamente co malle. E a min, dábame gloria e un algo de envexa, velos así, ós dous, pai e fillo, acompasados, eficientes, entendéndose sen precisar das palabras. Ás veces, cando meu pai non estaba ou tiña que ir nalgures, na Veiga a comprar ferro, ou na feira de Meira, por carbón de cepa, daquel que facían no Cádavo, entón —decía eu— meu irmao máis vello agarraba o tallo, arimábao ben á incre de espalmar, e facíame subir a el, pra que eu chegase e puidera petar algo alí, os dous

xuntos, imitándoos, sobre un proxecto de foucín que os dous sabíamos que nunca chegaría a tal.

De oito en oito días, tínhamos, de antigo, un cuarto no mazo, que viñan a ser seis horas de reló. Cando a quenda viña de noite, meu pai esgrimía que o mazo non era lugar pra pícaros, pois xuntábanse homes e canadas de viño e aquilo —dicía él— daba en cine da parroquia. Pero si tocaba de día, subíanme nunha cabalería que se usaba pra cargar co material e, mentres facíamos o camín ata o rego, contábame historias de ante. De vascos que chegaran hai centos de anos, fundando e tomando en arrendamento enormes ferrerías como a de Vilaseca —e por iso quedaran na zona tantos Chavarrías, e Legaspis, e Lombarderos—, de minas fondas e antigas das que antes, os nosos, tuveran que sacar ferro a moreas en pedra, pra levar en carros aos monxes blancos de Lourenzá, e tamén de ruínas de mazos moi vellos, como o que houbera en Riotorto, que se sabía fora dun tal Don Pedro Trelles de Meilán, e do que non quedaba máis que o nome no lugar no que tanto petara antiguamente. Enchegando ao prado de Campón, sen pararse, sinalábame unhas lombas que erguían, enormes, do chan, e contaba que as fixeran os mouros, e que os vellos dicían que nelas había tesouros e tamén unha grade de ferro, aínda que a verdá é que el solo vía un montón de pedras e escoiras. Cando despois de pasar a moa do Louro, e a da Granxa, e a do Xatón, e a do Lelo, e a do Caetano e algunha outra, abertas todas de par en par, por fin chegábamos ao mazo, mentres eles quedaban embarrando a tubeira e acendendo na forxa, eu marchaba correndo aos prados que hai ante do Marco, no pico da Fraga, a esbancar a auga pra que baixara toda e así enchera ben o banzado. E cando estaba de volta no mazo, meu pai deixábame, só un momento, tirar da vara que abría á auga na trompa, que, en canto eu me colgaba dela, subía con tanta forza que era de ver cómo me levantaba do chan e me deixaba no aire, agarrado a unha vara que os outros, precisamente por eso, entre risas, antes de baixarme, chamaban “cabrita”. E fíxense, nunca souben se aquelas risas eran un premio de pai ás miñas carreiras pola fraga, ou unha necesidade que el tiña pra soportar aquel traballo de escravo. Despois, eu marchaba pro bodego, e adormecía, renegrado, enriba dos sacos do carbón, pensando na estraña lingua daqueles antigos que inventaran os mazos: malogreiro, ximela, tendal, gorreón, cepitillo, curvatoes, mainelo, vergallón...

En canto á miña mai, xa dixen que era guapa e santa. Ela, ademáis de coidar de nós, tiña mao da casa, as vacas e a terra. E facíao soa, case sen axuda, porque o seu home, e os tres homiños que con él fixera, pasaban a vida na forxa, no mazo e nos camiños. Era muller de ferreiro, e soubera asumilo. Así que ademáis de labrar ela soa, atender ás

vacas e ir ao monte por cada feixe de mulido que solo de velos xa lle doían a un os cadrís, tamén cociñaba e baixaba de comer, dúas veces no día, ao afiadador que seu home tiña traballando na moa do río. Preparáballe sempre un bon cacho de pan e daquela carne gorda, que non coñecía de frebas e era todo toucín, e que chamaban carne vapora. No desaiuno, acompañábao cunha pucheira con sopas de allo, que na moa pedían ás veces con algo de azúcar ; e ás doce, con aquel caldo relustrido, a base de auga con cebola, patacas, algo de fabas e verzas, e un sofrito de aceite, pimento e allo. Ás veces, se de volta tiña que subir fouciños afiados, listos xa pra mandar a Castilla ou pra levar á feira, eu acompañábaa, gallardo e ben estirado, querendo parecer máis grande e ferreiro do que en realidade era, e, ao chegar de volta á casa, axudáballe a empallalos, xuntándoos en manadas de catro ou cinco, primeiro, e logo deixándoos en gallamotes de cen, que era como a eles lles gustaba levalos pras feiras.

Pero, ultimamente, meu pai anda algo calado. Desde trouxeron o mazo de corrente pra Soutelo, todos os ferreiros puxeron a trifásica e botaron nun deses martinetes eléctricos, que traen de Granollers e que poden terse na forxa. A forma de traballar é case a mesma, pero con estos non hai que facer camiño, nin estar pendentos de quendas e cuartos, nin ir esbancar a auga, nin levar a alguen pra abalar cando o rego non leva moita, nin tampouco poñerse de acordo todos os da parroquia pra ir nun mesmo día amañar nas bocas. O mesmo sucede coas moas, e agora póñense ao lado da forxa, en bodegos ou garaxes pequenos, e os afiadores non pasan nin a mitá do frío que aló embaixo, no río, e incluso miña mai está contentísima, pensando en qué vai botar naquel leiro que tiña a monte co tempo que agora gañou pra ela. Todos parecen estar vivindo un gran paso adiante. Así que unha noite que nos quedamos sós, arredor do lume da cociña, preguntolle a meu pai qué pensa ou qué se cala. E, mentres mira as súas maos, gastadas de lume e martelo, explícame que non, que non está triste, que él tamén está contento, e que traballa máis a gusto. Pero que hai algo que non logra borrar da mente. Algo que un día, hai tempo, seu avó, ferreiro, lle dixo a seu pai, e despois seu pai, ferreiro, lle dixo a el. Que o grandioso e bonito, que a Beleza con maiúscula, reside na tradición, no que vén de vello, naquelas cousas, xestos e palabras, que foron repetidas e conservadas pola xente durante centos de anos. E por eso —pensa meu pai—, agora non deixo de preguntarme qué che vou dicir eu a ti, e quen vai conservar agora toda esa beleza de xestos e palabras que temos que deixar no rego: malogreiro, ximela, tendal, gorreón, cepitillo, curvatoes, mainelo, vergallón...

E claro. Entón comprendo. Comprendo os centos de anos de memoria e de historia que perdo. Comprendo que quizá un día tamén nos toque a nós, e Riotorto quede sen ferreiros, e que igual o bonito é conservar precisamente o que os demais van deixando en desuso. Conservar e recordar, pra que outros, os que veñan despois de nós, conozan, comprendan e poidan aprender a amar esta terra.

E agora que nos xuntamos pra esta Primeira Feira do Ferro de Riotorto, resulta que igual estamos a tempo de facer algo ben, de sentar as bases dalgo mellor, algo que de verdade sexa útil pra nós e pra os ferreiros que aínda temos. Algo grandioso, bonito, leal á nosa tradición. Beleza con maiúscula.

Riotorto, 15 de abril de 2007

Miguel Abreira